




## ¿Coñece vostede como hai que levar o fachón?

Estas son as medidas máis importantes a ter en conta:

- Acéndese o fachón pola parte máis grosa (nunca pola espiga).
- Collese o fachón e colócase de lado a favor do aire, nunca enfronte da cara para evitar queimaduras, producidas polas moxenas ou polas lapas.
- Se queremos que o fachón arda moito temos que ir afrouxando os atadiños, e deslizándoos cara abaixo para que a palla arda máis.
- Cando se nos apaga ademais de afrouxar e baixar os atadiños cara a espiga, sacudimos a palla co cañoto case a ras do chan para que colla aire.
- Se chegamos a un alto e o fachón arde moito (na rúa Grande, fronte o Castelo), desprazamos o atadiño cara arriba para apertar a palla e que arda menos.
- Débese gardar unha distancia de seguridade para evitar queimar os demais.
- En caso de querer apagar o fachón: Se hai auga cerca, debe vostede metelo na auga. Senón tíreo ao chan e píseo ata que non quede lume, asegurándose de que quede apagado.



Rúa do Concello nº 1  
32760. Castro Caldelas. Ourense  
[www.castrocaldelas.es](http://www.castrocaldelas.es)  
T. 988 203 000



Protexer a nosa tradición  
e xerar identidade



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Turismo

FUNDACIÓN CONARCAL TERRA DE CALDELAS

Texto: Josefina Carballo Blanco. Deseño e maquetación: Miel&limón. Colaboración: Fidel López González. Colaboración fotográfica: Héctor Guzmán, Luisa Lorenzo, Alberto Labrador, Antón Vázquez

D.L. 01-7-2009

# Festa dos Fachóns en Castro Caldelas



Percorrendo as pegadas  
dos nosos antepasados  
á luz dos Fachóns

## A luminaria dos fachóns celebra a véspera de San Sebastián

A súa orixe é incerta, algúns estudos falan dunha raíz celta, de purificación polo lume, polo que se considera a posibilidade de que sexa un culto pagán cristianizado.

A hipótese máis estendida fai referencia a unha peste que azoutou a Comarca a mediados do século XVIII, o uso de fachóns pode lembrar o emprego do lume para loitar contra a enfermidade



cunha función sanitaria de desinfección. Os caldelaos encomendáronse a San Sebastián, protector contra as epidemias. De aí a data de celebración da festa e o nome tradicional da mesma “Festa de San Sebastián” que nos últimos anos se ven chamando tamén “Festa dos fachóns”.

Apoia dita hipótese o documento existente na igrexa parroquial datado no ano 1750 no que a Vila fixo un voto a S. Sebastián e a San Roque, avogados contra a peste, nomeándoos patróns e gardando os seus días festivos.

## Una danza de luz e lume percorre as rúas da vila

A celebración comeza ó caer o sol do día 19 de Xaneiro. No adro do Santuario da Nosa Señora dos Remedios provistos de fachóns (feixes de palla a modo de tea) esperamos o repique das campás para comezar a festa. O disparo dun foguete luminoso indica o momento de prender os fachóns. Co estoupiño da primeira bomba, ponse en marcha a procesión que vai precedida por un fachón de case 40 metros portado por varias persoas.



A escuras, só coa luz do lume prendido en cada fachón, percorremos as empedradas rúas da Vila Medieval que rodean o Castelo, entoando vivas ao San Sebastián.

De volta, os fachóns quéimanse nunha gran fogueira, que arderá durante toda a noite no adro do Santuario.

Arredor da mesma segue a festa ata altas horas da madrugada, bailando e degustando chourizos, viño, queimada e bica.



## O fachón era a luz que había antes para alumbar na noite

Para regresar ós pobos das festas ou feiras, e incluso para intimidar ao lobo, os fachóns eran os medios naturais que tiña a nosa xente para alumbar o camiño de noite.

Para facer o fachón emprégase a palla longa procedente da malla. “Chegábbase a unha aira, ripabamos palla do palleiro que había nas eiras a carón das casas, nivelabamos o cañoto, ripabamos unha presa para facer os atadiños, o número destes e o tamaño do fachón dependía da lonxitude do traxecto”.

Nos últimos tempos as colleitadoras mecánicas, fan a sega e a malla ao mesmo tempo no campo, polo que é difícil atopar palla para facer os fachóns. É o propio Concello o que se encarga de que non falte palla para a festa e da elaboración dos fachóns que serán distribuídos a tódolos que participen na procesión.

## É importante coñecer as partes do fachón para utilizarlo con seguridad

Cañoto: É a parte máis grosa, a de arriba, por onde se acende o fachón.

Atadiño de palla: Serve para regular a força do lume. Dependendo da largura do fachón, pode levar dous, tres ou catro atadiños cunha distancia de 20 ou 25 cms.

Espiga: A parte de abaxo.

